

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 7 de xullo de 2011 pola que se convoca concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros correspondentes á provincia da Coruña.

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (en adiante Lomínga) constitúe a lexislación propia da comunidade autónoma en materia de minas e desenvolve o réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade, promovendo un aproveitamento racional dos recursos compatible coa protección do ambiente. No seu título IV regula o procedemento de outorgamento e contido dos dereitos mineiros, establecendo no artigo 35 que os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou a declaración de caducidade dun permiso de exploración, un permiso de investigación ou unha concesión mineira poderán ser declarados rexistrables unha vez realizado o necesario concurso público previsto na lexislación específica mineira.

A devandita lexislación específica mineira está constituída pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas e as súas modificacións posteriores, desenvolvida polo Regulamento xeral para o réxime da minaría aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto. O artigo 39 da Lei de minas sinala que o levantamento da reserva ou a caducidade do permiso de exploración, do permiso de investigación ou da concesión de explotación non outorgará ao terreo o carácter rexistrable ata que teña lugar un concurso público polo que se resolverá, conforme os artigos 53 e 64, o outorgamento de permisos de investigación e concesións directas de explotación sobre os devanditos terreos.

Desde o último concurso realizado na provincia da Coruña transcorreron máis de sete anos, o que produciu que a día de hoxe exista gran extensión de terreo franco non rexistrable nesta provincia. É por iso que se fai necesario convocar un concurso público dos dereitos mineiros caducados desta provincia en prol de fomentar e dinamizar a minaría no noso territorio.

Polo exposto, en uso das facultades que me confire o artigo 16 da Lomínga e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto.*

En aplicación dos artigos 35 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, 39.2, 53 e 64 da Lei 22/1973, do 21 do xullo, de minas, e 72 e 85 do Regula-

mento xeral para o réxime da minería do 25 de agosto de 1978, mediante a presente orde decláranse como francos e acórdase convocar concurso público dos terreos resultantes da caducidade dos dereitos mineiros que a continuación se detallan, cuxas cuadrículas mineiras están comprendidas na provincia da Coruña, incluídas aquelas superficies que pertencendo a máis dunha provincia, teñan maior superficie na da Coruña, con expresión do tipo de dereito, número, nome, recurso, superficie e termos municipais afectados.

Tipo dereito	Núm.	Nome	Recurso/s	Superficie	Termos municipais
CE	1633	Mina Sanjurjo	Arxila	4 p	Narón
CE	1634	Sanjurjo n.º 2	Caolín	10 p	Cabanas
CE	1707	Oportuna	Caolín	20 p	Carballo
CE	2896	La Blanca	Caolín	12 p	Narón
CE	2945	Ultreya	Cobre	550 p	Santiago de Compostela
CE	3443	Xuana	Caolín	100 p	Porto do Son
CE	4894	Florentina	Caolín e outros	119 p	Porto do Son
CE	4960	Santa Rita 1. ^a	Caolín	400 p	Cabanas, Pontedeume
CE	4961	Santa Rita 2. ^a	Caolín	54 p	Cabanas
CE	5001	Jaguar	Cobre	100 p	Santiago de Compostela
CE	5038	La Esperanza	Feldespatio, caolín	20 p	Ribeira
CE	5051	Pontevedra	Andalucita	146 p	Porto do Son, Ribeira
CE	5180	San José	Serpentina	23 p	San Sadurniño, Moeche
CE	5260	Ángel y Alejandra	Seixo e outros	210 p	Muxía
CE	5383	Blanquita	Seixo	22 p	Santiago de Compostela
CE	5416	Santa Bárbara	Serpentina	299 p	Moeche, San Sadurniño, As Somozas
CE	5433	Blanquita	Seixo	95 p	Santiago de Compostela
CE	5476	Ampliación a Manuel	Serpentina	11 p	Moeche, San Sadurniño
CE	5543	Esperanza	Serpentina	872 p	Moeche, San Sadurniño
CE	5557	Arca	Cianita	23 p	O Pino
CE	5558	Quion	Cianita	30 p	O Pino, Touro
CE	5559	Coqui	Cianita	45 p	O Pino
CE	5569	Ampliación a Touriñan	Seixo	16 p	Muxía
CE	5582	Ampliación a Esperanza	Caolín	59 p	Porto do Son, Ribeira
CE	5624	San Rafael	Lignito, caolín	1168 p	Narón, San Sadurniño, Neda
CE	5711	Unión	Serpentina, talco	69 p	Sobrado
CE	5909	Ampliación a la Unión	Serpentina, talco	71 p	Sobrado
CE	5962	Susana	Wolframio	110 p	Santa Comba
CE	6002	Undécima	Seixo	692 p	Monfero, Vilarmador
CE	6014.2	David fracción 2. ^a	Serpentina, seixo	18 p	Ortigueira, Cariño
CE	6035	Sanjenjo	Caolín	75 p	Ortigueira
CE	6145	Mary Charo	Seixo	54 p	Bergondo, Cambre
CE	6147	Bárbara	Seixo	100 p	As Pontes de García Rodríguez
CE	6149	Margarita	Seixo	98 p	As Pontes de García Rodríguez
CE	6150	Magdalena	Seixo	42 p	Bergondo
CE	6232	Outeiro Roxo	Granito	6 cm	Ribeira
CE	6373	Mina Casalonga	Granito	6 cm	Teo
PI	6402	Rosa Pindo	Granito	10 cm	Carnota, Mazaricos

Tipo dereito	Núm.	Nome	Recurso/s	Superficie	Termos municipais
CE	6402.1	Rosa Pindo	Granito	10 cm	Carnota, Dumbria
CE	6464-bis	Ixorna	Granito	1 cm	Rianxo
PI	6482.11	Pasek 3	Dunita	6 cm	Narón, San Sadurniño, Valdoviño
CE	6482.121	M. ^a Elena Este fracc. 1. ^a	Talco	8 cm	Valdoviño
PI	6495	Erimisa	Caolín, seixo e outros	11 cm	Ordes
CE	6495.1	Erimisa fracción 1. ^a	Caolín, seixo e outros	35 cm	Ordes, Oroso
PI	6570	Isabel	Molibdeno, prata, arsénico, seixo	24 cm	Santa Comba, Zas
CE	6570.1	Isabel	Sección c)	44 cm	Santa Comba, Zas
PI	6571	Patricia Stella	Lousa	135 cm	Ortigueira, Mañón
PI	6572	Araceli	Lousa, caolín e outros	169 cm	As Pontes de García Rodríguez, As Somozas
CE	6615.1	Nuestra Sra. de la Pastoriza	Granito ornamental	6 cm	A Coruña, Arteixo
PI	6623	Vizoso	Serpentina, dunita	2 cm	Moeche, As Somozas
PI	6633	Cruceiras	Seixo e sección c)	44 cm	Ordes, Oroso
PI	6634	Monte Rande II	Lousa e outros	2 cm	Ortigueira
CE	6645.1	Catadoira	Granito e sección c)	6 cm	Porto do Son
CE	6667	Bea	Seixo e outros	9 cm	Santiago de Compostela
PI	6669	Rua	Sección c)	211 cm	Abegondo, Cesuras, Ordes, Mesía
PI	6671	Zancas Pedregosas	Sección c)	32 cm	Oroso, Santiago de Compostela, Trazo
PI	6705.41	Frades fracción 4. ^a , segreg. 1. ^a	Arxila	28 cm	Mesía, Frades
PI	6709	Petón	Sección c)	12 cm	Ordes, Oroso
PI	6709.1	Petón	Sección c)	11 cm	Ordes, Oroso
CE	6709.11	Petón	Sección c)	1 cm	Ordes, Oroso
PI	6730.1	Maribel fracción 1. ^a	Seixo, granito	52 cm	A Capela, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas
PI	6730.2	Maribel fracción 2. ^a	Seixo, granito	1 cm	As Pontes de García Rodríguez
PI	6756	Camino	Seixo e outros	52 cm	Oroso, Santiago de Compostela, Trazo
CE	6756.1	Camino	Seixo	16 cm	Santiago de Compostela, Trazo
PI	6763	Caridad	Sección c)	72 cm	Ponteceso
PI	6765	Don Vasco	Sección c)	6 cm	Laxe
PI	6768	Norsil uno	Seixo e areas	12 cm	Santiago de Compostela, Oroso
PI	6769	Amistad	Seixo e outros	74 cm	Oroso, O Pino, Santiago de Compostela
PI	6770	Miramontes	Seixo e sección c)	10 cm	Santiago de Compostela
PI	6771	Marta	Seixo e sección c)	53 cm	Ames, Santiago de Compostela, Trazo, Val do Dubra
PI	6771.1	Marta fracción 1. ^a	Seixo e sección c)	14 cm	Santiago de Compostela, Ames
PI	6776	Josefina	Sección c)	49 cm	Ames, Brión
PI	6778.11	Celia	Seixo	2 cm	Trazo
PI	6783	Sisalde	Sección c)	3 cm	Brión
PI	6784	Nueva Dominguera	Sección c)	47 cm	Abegondo, Ordes, Carral
PI	6785	Sendelle	Sección c)	20 cm	Boimorto
PI	6785.1	Sendelle seg. 1. ^a	Sección c)	16 cm	Boimorto, Mesía
PI	6808	San Martín	Sección c)	44 cm	Vimianzo, Dumbria, Camariñas, Muxía
PI	6811	Bergando	Granito	4 cm	A Baña
PI	6812	Miranela	Granito	4 cm	Padrón
PI	6830	Vanesa	Granito e sección c)	83 cm	Ames, Santiago de Compostela, Trazo, Val do Dubra
PI	6834	Las Viñas	Sección c)	16 cm	As Somozas

Tipo dereito	Núm.	Nome	Recurso/s	Superficie	Termos municipais
PI	6842	Lourdes	Sección c)	72 cm	Curtis, Cesuras, Mesía, Oza dos Ríos, Vilasantar
PI	6842.1	Lourdes seg. 1. ^a	Seixo	51 cm	Cesuras, Mesía
PI	6843	Maite	Sección c)	39 cm	Boimorto
PI	6843.1	Maite seg. 1. ^a	Seixo	8 cm	Boimorto
PI	6850	Apolo	Sección c)	27 cm	Muxía
PI	6859	La Reoca	Sección c)	9 cm	Cee, Muxía
PI	6860	Ampliación A Polo	Sección c)	23 cm	Muxía
PI	6866	Arcai	Sección c)	20 cm	Cerceda, Tordoia
PI	6868	Silvalonga	Sección c)	6 cm	Narón, San Sadurniño
PI	6871	El Bloque II	Granito ornamental e sección c)	9 cm	Culleredo
PI	6873	Arcai-II	Sección c)	15 cm	Cerceda, Tordoia
PI	6875	Ampliación a Raposeira	Arxila	24 cm	Oleiros, Cambre, Sada
PI	6904	Oca	Seixo e outros	3 cm	Coristanco, Carballo
PI	6906	A Zapateira	Granito ornamental	36 cm	A Coruña, Arteixo, Culleredo
PI	6916	María del Pilar	Sección c)	18 cm	Ordes
PI	6920	San Roque	Sección c)	234 cm	Ortigueira, Cedeira, Moeche, Cerdido, Cariño
PE	6926	Patricia PE	Sección c)	300 cm	Capela, Fene, Neda, San Sadurniño, Cabanas, Monfero, Pontedeume
PI	6927	Afegar	Sección c)	1 cm	Carballo
PI	6930	Celta	Sección c)	104 cm	Cerdido, Moeche, As Somozas, San Sadurniño
PI	6931	San Luis	Caolín, arxila	24 cm	Boimorto, Mesía
PI	6932	Sumobe	Granito ornamental e outros	5 cm	Porto do Son, Ribeira
PI	6934	Itziar	Seixo e outros	42 cm	Santiago de Compostela, O Pino
PI	6935	Lola	Seixo e outros	18 cm	O Pino
PI	6943	Bembibre	Sección c)	91 cm	Val do Dubra
PI	6945	Noemi	Seixo e sección c)	135 cm	Cerceda, Ordes, Tordoia
PI	6946	Reina Carlota	Seixo e sección c)	7 cm	Cabana, Ponteceso
PI	6947	Alba	Seixo e sección c)	27 cm	Frades, Oroso
PI	6948	Arribeltz	Sección c)	17 cm	Melide, Santiso
PI	6948.1	Arribeltz fracción 1. ^a	Sección c)	4 cm	Melide
PI	6948.2	Arribeltz fracción 2. ^a	Sección c)	7 cm	Melide, Santiso
PI	6950	Baio	Granito ornamental	13 cm	Vimianzo, Zas
PI	6952	Chus 4	Ouro, afíns e outros	15 cm	Ferrol
PI	6953	Chus 3	Ouro, afíns e outros	133 cm	Ferrol, Narón, Valdoviño
PI	6954	Chus 2	Ouro, afíns e outros	129 cm	Ferrol, Narón, Valdoviño
PI	6955	Chus 1	Ouro, afíns e outros	7 cm	Ferrol, Narón
PI	6956	Julia 7	Ouro, afíns e outros	4 cm	Ponteceso
PI	6957	Julia 6	Ouro, afíns e outros	33 cm	Cabana
PI	6958	Julia 5	Ouro, afíns e outros	11 cm	Ponteceso, Cabana
PI	6959	Julia 4	Ouro, afíns e outros	75 cm	Ponteceso, Cabana
PI	6960	Julia 3	Ouro, afíns e outros	31 cm	Cabana, Coristanco
PI	6961	Julia 2	Ouro, afíns e outros	45 cm	Cabana, Coristanco, Ponteceso
PI	6962	Julia 1	Ouro, afíns e outros	94 cm	Cabana, Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso
PI	6963	Ampliación a Don Vasco	Caolín e outros	6 cm	Cabana, Laxe, Zas
PI	6964	Erbecedo	Sección c)	69 cm	Carballo, Coristanco, Tordoia

Tipo dereito	Núm.	Nome	Recurso/s	Superficie	Termos municipais
PI	6965	Rus	Sección c)	24 cm	Carballo, Coristanco
PI	6966	Javier	Seixo e outros	35 cm	Cambre, Carral
PI	6967	Cuarzos I	Seixo e outros	5 cm	Abegondo, Oza dos Ríos
PI	6968	Modesto	Seixo e outros	15 cm	Cambre, Carral
PI	6970	Raquel 2	Ouro, afíns e outros	16 cm	Melide
PI	6971	Raquel 1	Ouro, afíns e outros	22 cm	Arzúa, Boimorto, Melide
PI	6972	Raquel 3	Ouro, afíns e outros	220 cm	Arzúa, Melide
PI	6974	Xurxo	Seixo e outros	260 cm	Abegondo, Carral, Cesuras, Oza dos Ríos
PI	6975	Verónica	Granito ornamental, sección c)	20 cm	Negreira, Outes
PI	6976	Tallara	Rocha ornamental e outros	54 cm	Lousame, Noia
PI	6977	Corzos	Rocha ornamental e outros	48 cm	Santa Comba, Val do Dubra
PI	6978	Rial	Sección c)	32 cm	Val do Dubra, Santa Comba
PI	6979	Nerea	Seixo e outros	16 cm	Val do Dubra
PI	6980	Santiago	Seixo e outros	13 cm	Carballo, Coristanco
PI	6981	Ardaña	Sección c)	5 cm	Carballo, Coristanco
PI	6982	Esmeralda	Seixo e outros	7 cm	Val do Dubra, Santiago de Compostela
PI	6983	Yeyo	Seixo e sección c)	87 cm	Oroso, Ordes, Frades, Mesía
PI	6984	Fernando	Seixo e outros	102 cm	Mesía, Frades
PI	6985	Daniel	Seixo e outros	36 cm	Mesía, Vilasantar, Boimorto
PI	6986	Río Tambre	Seixo e outros	36 cm	Mesía, Vilasantar, Curtis
PI	6988	Malena	Granito ornamental	1 cm	Vimianzo
PI	6989	Ampliación a Daniel	Seixo e outros	24 cm	Mesía
PI	6991	Ana	Seixo	52 cm	Narón, Neda, San Sadurniño
PI	6992	Monte do Gato	Sección c)	40 cm	Aranga, Coirós, Oza dos Ríos
PI	6995	Ampliación a Granitos del Noroeste	Granito	2 cm	A Coruña, Arteixo
PI	7005	Cabo Ortegale Central	Granate e afíns	299 cm	Cariño
PI	7006	Ortigueira	Granate e afíns	154 cm	Ortigueira, Cariño
PI	7007	Cabo Ortegale Oeste	Granate e afíns	300 cm	Cedeira
PI	7008	Cedeira	Granate e afíns	128 cm	Cedeira
PI	7009	Cabo Ortegale Oriental	Granate e afíns	300 cm	Ortigueira, Cariño
PI	7015	Alcayán	Sección c)	129 cm	Carballo, Santa Comba, Coristanco
PI	7016	Teixeiro	Serpentina	12 cm	Curtis
PI	7024	José Luis	Sección c)	96 cm	Arteixo, Culleredo, A Coruña
PI	7025	Rego d'ouro	Lousa	60 cm	Mañón, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez
PI	7028	Irene	Granito ornamental	4 cm	Boiro
PI	7032	Verónica-1	Granito ornamental, sección c)	15 cm	Muros
PI	7039	Catasol	Sección c)	3 cm	Melide, Santiso
PI	7061	San Cristobal	Granito, sección c)	4 cm	Trazo
PI	7069	Irene II	Granito ornamental	2 cm	Boiro, Lousame
PI	7070	Sonense	Granito ornamental	24 cm	Boiro, Lousame
PI	7071	Narce-III	Caolín, areas de sílice	97 cm	Aranga, Monfero, Irixoa, Pontedeume, Vilarmaior
PI	7076	Costa Grande 2ª	Granito ornamental	7 cm	Carnota, Muros
PI	7077	Morono	Granito ornamental	9 cm	Padrón, Pontecesures
PI	7083	Leira	Sección c)	2 cm	Ordes

Tipo dereito	Núm.	Nome	Recurso/s	Superficie	Termos municipais
PI	7087	San Marcos	Sección c)	12 cm	Santiago de Compostela, Boqueixón
PI	7088	Ampliación a Celia	Seixo metalúrxico	4 cm	Trazo
PI	7089	Celia	Seixo metalúrxico	69 cm	Ordes, Oroso, Trazo, Tordoia
PI	7096	Trabazón	Calcaria	8 cm	Ortigueira, Cerdido, As Somozas
PI	7100	Barrosa	Arxila	20 cm	Cabana, Coristanco

Segundo. *Designación do terreo, lugar e superficie do depósito ou recurso mineiro obxecto do concurso.*

A superficie solicitada no concurso poderá ser a totalidade da designada no dereito caducado ou unha parte del. A designación do terreo será por cuadrículas mineiras referidas ao meridiano de Greenwich e cada cuadrícula estará incluída total ou parcialmente na superficie do mesmo dereito obxecto do concurso, a excepción dos dereitos definidos en pertenzas mineiras, para os que se poderán formular solicitudes sobre varios dereitos obxecto do concurso e sobre terreos francos e rexistrables que os rodeen, se é necesario para formar cuadrículas mineiras.

O depósito ou recurso mineiro que se pretenda será da mesma sección que a que correspondía ao dereito caducado. No caso de recursos da sección D, a solicitude será para o mesmo recurso do dereito caducado.

Terceiro. *Viabilidade e solvencia técnica.*

Os requisitos de viabilidade e solvencia técnica serán os sinalados no artigo 17 da Lomina e acreditaranse polos medios alí previstos.

Cuarto. *Metodoloxía e técnica mineira.*

O proceso metodolóxico que se seguirá na investigación do depósito ou recurso mineiro estará fundamentado nunha estratexia de programación de actuacións con obxectivos progresivos en tres fases.

A primeira fase comprenderá os traballos de investigación e os estudos de campo necesarios para obter datos suficientes e adecuados para interpretar a estrutura xeolóxica da superficie solicitada e para caracterizar o recurso en cuestión desde o punto de vista físico-químico, xeoestrutural e xeomecánico.

A segunda fase incluírá métodos de investigación e ensaios de caracterización propios á utilidade de cada material, orientados a delimitar as zonas concretas de maior interese e probable explotación futura. A investigación comprenderá unha campaña de sondaxes con recuperación de testemuña, cunha profundidade adecuada para dar constancia da

existencia dos materiais buscados e da súa potencia. A campaña deberá de ter, como mínimo, unha sondaxe por cada zona concreta de interese.

A terceira fase comprenderá métodos de investigación apropiados para delimitar e cuantificar o depósito, cun mínimo dunha malla de sondaxes.

Nas concesións directas, no proxecto de explotación deberanse indicar os datos e probas que permitan definir a explotación dos recursos como consecuencia de melloras tecnolóxicas ou de novas perspectivas de mercado, así como todos os parámetros necesarios (intensidade do traballo previsto, volume de materia que se vai extraer, custos de extracción, volume aproveitable, valor do material no mercado, rendibilidade, etc) que xustifiquen a viabilidade do aproveitamento nas cuadrículas solicitadas.

Quinto. Inversión mínimo necesario.

O investimento mínimo necesario por cuadrícula exigible para o outorgamento dun dereito mineiro no concurso será de doce mil euros (12.000 euros) de unha a dez cuadrículas e de seis mil (6.000 euros) das dez cuadrículas en diante.

Sexto. Prazo de execución dos traballos.

O prazo de execución dos traballos será, como máximo, dun ano para cada fase de investigación. Para as explotacións será o que se acredite no proxecto en función das reservas demostradas e do ritmo de produción previsto que faga viable o aproveitamento.

Sétimo. Solicitudes e documentación que hai que presentar.

O escrito de solicitude dirixirase ao conselleiro de Economía e Industria e será conforme o modelo normalizado que se achega no anexo I desta orde. As solicitudes deberán axustar aos requisitos establecidos no artigo 35 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, nos artigos 53 e 64 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e nos artigos 72 e 85.1 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Cando as proposicións non se presenten directamente no Rexistro Xeral da Xunta deberase comunicar a solicitude mediante fax, número 981 54 55 15, á Consellería de Economía e Industria, dentro do prazo fixado no anuncio publicado da convocatoria. O prazo de presentación será dun

mes contado a partir do día seguinte ao da última publicación desta orde, sexa *Diario Oficial de Galicia* ou no *Boletín Oficial del Estado*.

No primeiro sobre incluírase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar do solicitante e da representación, e o xustificante da fianza provisional, que consistirá no 10% da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo modificacións introducidas pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011, que se indica no anexo II desta orde.

Para acreditar a capacidade xurídica e de obrar achegárase a seguinte documentación:

– No caso de persoas xurídicas, copia compulsada da escritura ou documento de constitución, de modificación, dos estatutos ou do acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público correspondente segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

– No caso de persoas físicas, e só no caso de non autorizar a súa consulta, copia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) ou documento que regulamentariamente o substitúa, e xuntárase copia compulsada do número de identificación fiscal (NIF) no caso de que non figure no DNI.

Para acreditar a representación achegáranse os seguintes documentos:

– Os que comparezan e asinen a solicitude no nome doutro deberán presentar copia compulsada no DNI, do apoderado, ou documento que regulamentariamente o substitúa, só no caso de non autorizar a súa consulta.

– Se o solicitante é unha persoa física, achegárase copia autenticada ou compulsada da escritura do poder notarial.

– Se o solicitante é unha persoa xurídica, achegárase copia compulsada da escritura de constitución da persoa xurídica e modificación, se é o caso, inscrita no rexistro público correspondente con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro público correspondente.

A achega do documento de identidade será exigible salvo que o solicitante preste o consentimento para que o órgano xestor acceda ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas, de conformidade co Decre-

to 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende e os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros segundo artigo 17 da Lomina, en que se acreditarán os requisitos da convocatoria sinalados nos artigos segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto.

Os datos relativos á situación xeográfica da superficie sometida a concurso estarán á disposición dos interesados na Sección de Minas da Xefatura Territorial da Coruña, praza Luís Seoane, s/n, edificio administrativo Monelos, en horas de oficina.

Oitavo. Apertura pública e admisión de solicitudes.

A apertura e admisión de solicitudes realizaraa unha mesa que se constituirá en acto público aos dez días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes. A constitución da mesa terá lugar ás 10.00 horas dese día na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Poderán asistir á apertura as persoas que presenten solicitudes.

A mesa estará formada polos seguintes membros:

- O director xeral de Industria, Enerxía e Minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- O xefe de Servizo de Xestión Mineira ou un enxeñeiro de Minas designado polo director xeral de Industria, Enerxía e Minas, que deberá actuar como secretario da mesa.
- Un letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Coruña.
- O interventor delegado da Consellería de Economía e Industria.
- Un representante da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria na Coruña.

Constituída a mesa, darase lectura ao anuncio do concurso, procedendo ao reconto de solicitudes presentadas, dando coñecemento público do número de proposicións recibidas e do nome dos concursantes.

A continuación procederase á apertura dos sobres na orde habitual. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta orde de convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aquelas que non reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán inadmitidas, con indicación da causa de inadmisión.

Noveno. *Resolución do concurso.*

O órgano mineiro competente para resolver é o conselleiro de Economía e Industria conforme o artigo 16 da Lominga.

O concurso adxudicarase a favor das propostas máis vantaxosas no seu conxunto a xuízo do órgano mineiro competente, entendendo por tales as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais, en atención aos seguintes criterios:

- A calidade técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.
- A proposta de rehabilitación dos terreos, as garantías de protección do medio e de minimización de afectacións causadas pola labra e as medidas de compensación que se prevén aplicar para a conservación do medio.
- O recurso mineiro en relación á superficie solicitada.
- O impacto do proxecto no desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da zona de implantación.

O concurso resolverase no prazo máximo de tres meses contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. Transcorrido o prazo, sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, notificarase a todos os concursantes e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra a resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Resolto o concurso e transcorridos os prazos para a interposición dos respectivos recursos sen que estes se interpuxesen, a documentación achegada coas propostas non seleccionadas quedará á disposición dos interesados.

As fianzas constituídas polos solicitantes das propostas non seleccionadas no concurso devolveranse nun prazo de 30 días naturais, contados desde a notificación da resolución denegatoria.

Décimo. *Declaración de terreo franco e rexistrable.*

Se despois de realizado o concurso quedasen terreos sen adxudicar, poderán ser declarados francos e rexistrables pola Administración mineira, e deberase publicar esa declaración no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira.

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa última publicación, no *Diario Oficial de Galicia* ou no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde a mesma data, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda.

Os gastos de inserción desta orde nas publicacións oficiais serán pola conta dos adxudicatarios.

Disposición derradeira terceira.

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte da última publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2011.

P.D. (Orde 30.4.2009, DOG n.º 87, do 6 de maio).

José Riesgo Boluda

Secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria, Enerxía
 e Minas

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONCURSO DE DEREITOS MINEIROS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN309C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE:

RAZÓN SOCIAL OU NOME E APELIDOS		CIF/NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	
[]	[]	[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN:

NOME		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	
[]	[]	[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

DATOS DO CONCURSO:

TIPO DE DEREITO MINEIRO QUE SE SOLICITA (permiso de investigación, concesión directa de explotación ou reclasificación):	
[]	
DESIGNACIÓN DO DEREITO MINEIRO QUE SE SOLICITA	DEREITO MINEIRO CADUCADO SOBRE O QUE SE SOLICITA:
[]	[]
EXTENSIÓN SOLICITADA	TIPO DE RECURSO
[]	[]
TERMOS MUNICIPAIS	PROVINCIA
[]	[]

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

<input type="checkbox"/> SOLICITUDE NORMALIZADA <input type="checkbox"/> SOBRE 1º) <input type="checkbox"/> SOBRE 2º)

Presto o meu consentimento para que o órgano xestor acceda ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas, de conformidade co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

 SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE - Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia. - Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas. - Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería. - Orde do 7 de xullo de 2011 pola que se convoca concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros correspondentes á provincia da Coruña.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ , de _____ de _____ CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA		

ANEXO II

Tipo de dereito mineiro	Importe
Concesión directa de explotación	2.576,04 € pola primeira cuadrícula e 110,39 € por cada unha das restantes.
Permiso de investigación	1.429,14 € pola primeira cuadrícula e 71,45 € por cada unha das restantes.
Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011	